

**Acta núm. 22/2019.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 24 de setembro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.

María Rosa Romero Fariña.

Sandy Marie Cebral Gómez.

Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 12,00 horas do 24 de setembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 21/2019, DO 17.09.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 21/2019, DO 17.09.2019.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17.09.2019, acta núm. 21/2019.

**2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CELIA MARÍA RUA GOMEZ na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha vivenda sita en Urbanización Montedevesa nº 24 – Os Ánxeles:

- Limpeza con auga a presión e pintado das fachadas.
- Substitución das tellas da cuberta en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,60 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 165,17 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA GÓMEZ NEO, na que comunica que vai facer a seguinte obra nunha vivenda sita en Mato nº15 – Luaña:

- Reparar un muro existente de pedra de 1 metro de altura aproximadamente e que non linda coa vía pública, poñéndoo recto e colocando tela metálica por enriba.
- Construción dunha edificación auxiliar de pedra, “asador”.

A parcela (9545126NH1494S) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura da parte cega do muro non será maior de 1,20 metros e a altura total do muro non superará 1,80m. medidos desde a rasante natural do terreo.
- A edificación auxiliar, “asador”, colocarse mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 97,50 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 162,07 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jose Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de XESUS PENA ESPÍÑA, na que comunica que vai limpar con auga a presión as fachadas da vivenda sita en Urbanización Montedevesa nº 32 – Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,50 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 00,00 euros.

Total: 17,50 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto Riveiro Recarey, que di actuar en representación da C.P BALNEARIO DO TREMO BLOQUE B, na que comunica que vai substituír os canalóns e baixantes existentes por canalóns e baixantes novas de aluminio, no bloque B da urbanización Balneario do Tremo.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 142,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 206,57 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSE VAZQUEZ SUAREZ, na que comunica que vai limpar as fachadas da vivenda sita en Goiáns nº13 – Luaña. A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 00,00 euros.

Total: 12,00 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PURA INES UZAL SOCASTRO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda situada en Cantelar nº6 – Boullón, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, e colocando canalóns e baixantes.

A parcela (3940903NH2434S0001PO) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,37 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE ANTONIO FERREIRA GONZALEZ, na que comunica que vai facer a seguinte obra na vivenda situada en Perros nº12 – Os Ánxeles:

- Pavimentar 30m<sup>2</sup> de terreo no interior da súa parcela.

- Colocar aplacado de pedra arredor dunha ventá.

A parcela (001301400NH24D0001SX) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base a Disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o disposto nesta Lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DOLORES SOTO SEARA na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda situada na urbanización Montedevesa nº3 – Os Ánxeles, substituíndo a tella existente en mal

estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación; e colocando canalóns e baixantes.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,20 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 145,77 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jose Manuel Vázquez Armesto, que di actuar en representación de INFINITIVUS S.L., na que comunica que vai colocar de forma temporal e provisionalmente, estacas de madeira de 50 cm de alto, facilmente desmontables, separadas cada 50 cm, polo perímetro das fincas rústicas, sen elementos que supoñan peche entre elas.

As parcelas onde se pretenden executar as obras (15013A031006770000UU e correlativas inferiores ata a 671) atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo Plan Xeral do Concello de Brión (PXOM) como solo rústico apto para urbanizar polo que segundo a Lei 2/2016, do Solo de Galicia, Disposición transitoria 1ª.2.b), é de aplicación o réxime establecido nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O solicitante retirará as estacas de madeira cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

### **3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica en Aguiar, Brión, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o apoio existente HV 1000-9, mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá dunha lonxitude total de 86m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pedro Tizón Barrio, visado no Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, nº 2473/19-CO o 09/08/2019.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (6568609NH2466N0001EQ) está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM, e conta con licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 04.06.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 781,73 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 144,99 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 209,56 euros.

#### **4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por IRENE PICALLO REGUEIRO e ALBERTO SEAGE TOMÉ, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Gundín 27, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19.08.2019 (nº de expediente 1904424.2).

A parcela onde se pretenden executar as obras (resultante da segregación das parcelas con referencia catastral nº 15013B505000860000MS e 5342502NH2454S0001MJ) está situada en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 19.08.2019 (nº de expediente 1904424.2).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, xa aceptado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.05.2018 coa licenza de segregación concedida, que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes no núcleo (abastecemento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

Neste caso ao non existir rede de saneamento nas proximidades da parcela os promotores instalarán unha fosa séptica co compromiso de conexión cando se implante o servizo.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.112,60 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 1.208,63 euros.

## **5º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.**

**a)** Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por G.R.P.G.P., con DNI:XXX9106XX, con rexistro de entrada no Concello núm. 2198, do 02.07.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de Bombardino e Percusión – ESMU (PEA).  
Vista a proposta desfavorable da traballadora social do 02.07.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a G.R.P.G.P. a bonificación solicitada ao abeiro do disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, polos seguintes motivos:

- Non se aprecia situación de difícil integración.
- A actividade en si non se considera necesaria para levar a cabo un itinerario de inserción social, nin completar un currículo de cara a unha posible integración laboral.
- Existen outras opcións a nivel local para levar a cabo accións de integración social se así se requirisen.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

## **6º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 12,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González